



ORGANIZACIÓN DE
PRODUCTORES
PALANGREROS
GUARDESES (OR.PA.GU.)
COFRADÍA DE
PESCADORES SANTA
TECLA

**“Impulso e dinamización das actividades
pesqueiras, comerciais e industriais de A
Guarda”**

MEMORIA DE
XUSTIFICACIÓN

INDICE

	Páx.
ENCONTROS EMPRESARIAIS E VISITAS PATRIMONIO PESQUEIRO.....	3 – 9
XIII FESTA DO PEIXE ESPADA.....	10 - 14
XORNADAS INTERNACIONAIS DE PESCA.....	15 - 30
REPORTAXE FOTOGRÁFICO.....	31 - 56

ENCONTROS EMPRESARIAIS E VISITAS PATRIMONIO PESQUEIRO.

Fundamento:

Para levar a cabo esta acción, escolléronse estratéxicamente diversos representantes do sector pesqueiro e comercial do Xapón e Uruguai fundamentalmente, facendo coincidir nunha mesma semana as tres accións do proxecto para que tódolos invitados foráneos que puideran ser potenciais clientes ou colaboradores no futuro puideran coñecer de cerca todo o potencial pesqueiro, comercial e tecnolóxico que lles pode ofrecer toda a área comprendida precisamente no GALP 7 Ría de Vigo – A Guarda.



Xa dixéramos na memoria de presentación que a Vila de A Guarda conta cunha das flotas palangreiras máis importantes de Europa que está a operar en caladoiros internacionais e que opera en portos de terceiros países aínda que o destino final de todo o seu produto é o porto pesqueiro

de Vigo, onde se leva a cabo a súa clasificación, transformación e distribución.



As unidades pesqueiras galegas, fundamentalmente de A Guarda, ven necesitando, nos últimos anos, unha maior cantidade de cotas de peixe espada, principalmente no Atlántico Sur, zona na que está moi presente a flota guardesa e na que outros países dispoñen de cotas de esta especie a pesar de non capturala.

Un dos motivos de invitar a un representante do goberno uruguaio á Guarda foi precisamente estreitar lazos de colaboración científica e gobernamental para conseguir acadar, nun futuro, novas posibilidades de pesca para a flota galega, fundamentalmente para a flota guardesa, posto que Uruguai é un dos países que dispón dunha maior cota de esta especie no Atlántico Sur, a pesar de non dispoñer de ningunha unidade pesqueira dirixida ó peixe espada nestes momentos.

Outro grupo de persoas que foron invitadas esa mesma semana e que participaron en tódalas accións,

foron algúns representantes do sector pesqueiro, comercial e científico do Xapón.

O obxectivo desta elección foi ó da busca de novas posibilidades comerciais e industriais, principalmente para o sector pesqueiro local e para as industrias de fabricación tecnolóxica da zona.



Coma xa explicáramos anteriormente, o Xapón é o maior consumidor de peixe do mundo, a súa demanda é tal que tódolos produtos pesqueiros que obtén a flota xaponesa non é suficiente para abastecer o consumo do país. Dase a casualidade, ademais, de que os xaponeses son auténticos fanáticos de case tódolos produtos pesqueiros que se xeran, dun xeito directo ou indirecto, na zona do Baixo Miño (peixe espada, tiburóns, angulas do Río Miño, percebes, lamprea, etc...).

É por iso que a Confraría de Santa Tegra foi a encargada de coordinar unhas visitas a flote pola costa de A Guarda e polo río Miño con mariñeiros expertos que amosaron a

estes representantes onde e cómo se capturaban as especies pesqueiras locais que tanto interesaban ós nipóns.

Ademáis, os armadores xaponeses estaban moi interesados en coñecer a tecnoloxía pesqueira que se fabrica e distribúe dende Vigo, A Guarda e Nigrán.

Con estas visitas buscouse acadar, a medio ou longo prazo, a creación de emprego, o apoio á diversificación e o fomento do patrimonio cultural e pesqueiro da zona.

Estes encontros e visitas de penderon totalmente dos recursos endóxeos do territorio GALP Ría de Vigo – A Guarda.


Asimesmo, cos encontros entre os representantes xaponeses e os representantes da industria pesqueira, comercial e naval da zona, o que se pretende é acadar acordos comerciais dos produtos pesqueiros da zona que son tan demandados pola poboación xaponesa, así como brindarlles a posibilidade da contratación dos estaleiros da zona para a construción de buque pesqueiros nipones.



Durante todo o tempo que duraron as reunións e visitas con estes representantes en toda a zona, déuselle moito uso ás novas tecnoloxías da información, divulgando todas estas accións en redes sociais coma Facebook ou Twiter, así coma nas respectivas páxinas web empresariais, institucionais ou dos diferentes diarios de información xeneralizada e sectorial.



Un dos encontros, que tivo lugar durante a comida ofrecida no seno das Xornadas Internacionais de Pesca, organizouse entre representantes xaponeses e do Instituto de Investigacións Mariñas do CESIC para darse a coñecer os avances de ambas entidades na investigación, desenrolo e innovación dos produtos pesqueiros que captura a flota palangreira, fundamentalmente no que respecta ós tabeiróns.



O mércores 27 de xullo recibíuse ó representante uruguaio no

aeroporto de Vigo. Nesa mesma mañá organizouse unha reunión na sede de OR.PA.GU. cos armadores que teñen intereses pesqueiros no Atlántico Sur e máis tarde tivo lugar unha comida/coloquio nun restaurante da vila cun empresario vigués que tiña especial interés en facer inversións no porto de Montevideo.



Nesa mesma tarde recibíronse a catro representantes xaponeses no aeroporto de O Porto e pola noite celebrouse unha cea/encontro con tódolos invitados e con representantes do sector pesqueiro local.

Xa moi entrada a noite, recibíuse ó último dos representantes xaponeses, que chegaría ó aeroporto de Vigo e foi achegado a un dos hoteis de A Guarda, do mesmo xeito que se fixo con tódolos invitados.

Na mañán do 28 de xullo, dous turismos recolleron ós representantes que chegaran o día anterior para comezar os encontros e visitas previstas.

A primeira parada tivo lugar no porto de Vigo, onde nos estaba a esperar un representante da Autoridad Portuaria para amosar a todo o grupo as instalacións do porto pesqueiro vigués.



Ademáis da lonxa, os viveiros e as dársenas, o grupo estivo presente das subastas de peixe que teñen lugar dende ben cedo na lonxa viguesa, onde os xaponeses amosaron especial interés nos atúns, tabeiróns e peixe espada.



Logo da visita pola subasta e polas instalacións portuarias, todo o grupo embarcou nun buque palangreiro que se atopaba atracado no porto de Vigo neses días, o buque palangreiro "Siempre Juan Luis".

A bordo deste buque pesqueiro, os visitantes amosaron especial interés pola estrutura interna do buque e polos aparellos e artiluxios tecnolóxicos que se usaban a bordo, mantendo un intenso debate co patrón do buque, o cal explicaba detalladamente de qué se trataba cada cousa e cómo se facían as maniobras e a forma que tiñan de pescar os mariñeiros galegos, e os da Guarda especificamente.



Ó carón do buque pesqueiro, preto da dársena atopábase a planta de procesado que ía visitar a delegación. Na planta de "Frigoríficos de Vigo" puideron comprobar cómo se procesaba unha partida de peixe espada conxelado, elaborando dúas partidas diferentes, con rodaxas de distintos gramaxes segundo a demanda do cliente.

Logo de ver as instalacións que estaban situadas no Berbés, os representantes das delegación foron enviados a Rande, concretamente a "Frigoríficos de Vieira". Alí tiña lugar a continuación do desembarque de peixe espada e especies afíns de un dos buques palangreiros de A Guarda, o cal tiña desembarcado o

peixe fresco no Berbés a primeira hora da mañá, para continuar a descargar o peixe conxelado nun muelle privado de Rande.

En Rande, además de supervisar toda a descarga e clasificación do peixe, visitouse o buque palangreiro que estaba a efectuando o desembarque das súas capturas, tratábase do buque palangreiro guardés "Robero". Todo o grupo tivo a ocasión, novamente, de embarcar no buque e coñecer de preto tódolos artiluxios e aparellos de pesca, así coma falar cos patróns e incluso facer probar con algúns dos equipos que se atopaban a bordo.



Xa cerca das 15:00 horas levouse ó grupo novamente ata Vigo, onde se tiña concertada unha comida cun representante dunha comercializadora de peixe espada, atúns e tiburóns (especies de interés comercial para os xaponeses). Nesta comida tratáronse diversos temas de interés común e intercambiáronse impresións e contactos respecto das necesidades comerciais de Xapón nestas especies.



Despois de rematada a comida, a delegación dirixiuse a Nigrán, onde ten situada a súa fábrica a empresa Marine Instruments. Nesta planta de fabricación de artiluxios tecnolóxicos pesqueiros, os representantes da empresa amosaron diversos dispositivos como as boias con GPS para o palangre, o ollo electrónico e os drones utilizados para a pesca.



Os visitantes amosaron especial interese nas boias con GPS para o palangre e percatáronse de que estes dispositivos estaban a ser utilizados por toda a flota palangreira galega. Estes dispositivos foron de especial interés para o grupo, posto que en Xapón estábanse a utilizar dispositivos máis obsoletos e máis caros. Nesta visita naceu unha nova posibilidade comercial para as empresas locais que se adican á elaboración desta tecnoloxía pesqueira. Estos contactos continúan a día de hoxe, no que se están a sentar as bases para proveer ós palangreiros xaponeses desta tecnoloxía.

Xa de volta na vila de A Guarda, convidouse a tódolos asistentes na viaxe a unha cea/recepción dos poñentes das Xornadas Internacionais de Pesca que terían lugar ó día seguinte na vila. Nesta cea estarían convidados tamén os dous intérpretes xaponeses que se contrataron por medio da cámara de comercio hispano-xaponesa.



Na tarde do sábado 30 de xullo contratouse unha embarcación pesqueira para facer unha visita guiada polo patrimonio pesqueiro local da costa de A Guarda e do Río Miño, para o que se fixeron dous grupos de visitantes nos que se atopaban o representante do goberno de Uruguai, os empresarios xaponeses, representantes da Cofradía de Aguarda, OR.PA.GU. e o Concello da vila.



O primeiro grupo partiu na embarcación dende o porto de A Guarda, facendo un percorrido pola costa e subindo posteriormente polo río Miño. Os representantes do sector pesqueiro local ían explicando ó grupo ónde e cómo se extraían especies coma os percebes, o pulpo, a lamprea e as angulas. O remate da viaxe tivo como punto final do percorrido o porto da pasaxe de A Guarda, no Río Miño, onde estaba a esperar xa o segundo grupo para volver a embarcar e facer a mesma visita en sentido contrario (comezando polo Río Miño e rematando no porto de A Guarda).

Deste xeito, os convidados puideron comprobar, de man dos pescadores locais, cómo se traballa na zona para poder extraer un produto que é tan cotizado polos xaponeses, ó mesmo tempo que puideron visualizar unha paisaxe única.

O domingo 31 de xullo trasladouse ós catro empresarios xaponeses ó aeroporto de A Coruña para partir de volta ó Xapón. O representante de Uruguai partiría na

tarde do luns 1 de agosto e o economista xaponés, co que se trataría o tema da certificación sostible da pesquería dos tiburóns, partiría para o Xapón na mañá do martes 2 de agosto.

Sen dúbida, esta acción permitiu entrar en contacto directo con operadores de interés comercial para a zona do GALP 7 Ría de Vigo – A Guarda, cos que se espera manter unha relación profesional estable e duradeira que posibilite a apertura de novas posibilidades pesqueiras (Uruguai) e comerciais (Xapón).



XIII FESTA DO PEIXE ESPADA

Os días 30 e 31 de xullo de 2016 celebrouse no porto de A Guarda a XIII Festa do Peixe Espada, unha festa gastronómica que ten coma fin último a promoción do peixe espada e da vila de A Guarda para veciños e foráneos.



Nesta edición, a festa gastronómica tivo un valor especial por tratarse dunha tradicional festa que levaba xa oito anos sen celebrarse. Ademais, por primeira vez, mesturouse o esforzo dos dous sectores máis estratéxicos da vila, ó facer partícipe, non só o sector pesqueiro, senón tamén ó sector hostaleiro, que foi o encargado de elaborar o peixe espada en múltiples variedades para tódolos participantes á feira.

Esta iniciativa levouse a cabo co obxecto de contribuír ó aumento do valor, a creación de emprego, atracción de mocidade, o fomento do benestar social e do patrimonio cultural da zona.

Asimesmo, nas actividades de amenización que se levaron a cabo no seno da festa, intentouse fomentar a igualdade de oportunidades a tódolos colectivos da zona, ofrecendo, por exemplo, a posibilidades de que a Asociación “Sen Amarras” organizase o I Slalom Integrador para persoas con mobilidade reducida, unha actividade acuática que se levou a cabo no porto de A Guarda e tamén na carpa da Festa do Peixe Espada.

Non se perdeu de vista tampouco a perspectiva de xénero, incidindo na participación de mulleres durante toda a acción, as cales estiveron presentes na elaboración das receitas, as actividades musicais e de amenización, os concursos infantís e mesmo na organización do evento.

Tamén se potenciou o uso das tecnoloxías da información, posto que o evento tivo un seguimento moi activo nas redes sociais (Facebook e Twiter), así como nas respectivas páxinas web de diferentes diarios de información xeneralizada e sectorial.

Para a celebración desta popular festa gastronómica, OR.PA.GU. puxo a disposición dos hostaleiros da vila máis de dúas mil racións de peixe espada, así coma pratos de barro e de porcelana, mandilóns, camisetas e demais elementos divulgativos da festa do peixe espada.



Para que os máis maiores puidesen degustar máis tranquilamente os diferentes pratos que elaboraron os cociñeiros e cociñeiras da vila, e para puidesen escoitar ós grupos folclóricos galegos, púxose a disposición de tódolos comensais un servizo de animación infantil que contaba con inchables de gran tamaño, pintacaras e photocall.

Na mañá do sábado 30 de xullo, fíxose unha recepción nas instalacións de OR.PA.GU., para recibir ós membros do xurado do concurso de relatos infantil “Homes e mulleres do mar”, ás diferentes autoridades e ás galardonadas, tanto do concurso de relatos como do concurso de carteis da Festa do Peixe Espada (que ambas recaeron en dúas nenas de primaria).



Xa na carpa do porto, e logo do saúdo de Antonio Lomba (alcalde de A Guarda), tivo lugar o pregón que daría comezo á apertura oficial da Festa. Seguindo a mesma liña de utilización dos recursos endóxeos da zona, o pregón recaeu a cargo do cantautor local Tino Baz, o cal, non só ensalzou á actividade que estaba a levar a cabo o sector pesqueiro da zona, senón que alabou mestura de tódalas actividades paralelas que enriquecían o contido da festa gastronómica (concurso de relatos infantil, concurso de carteis, máster nacional de fútbolín, I Slalom Integrador, Xornadas Internacionais, e invitación de participantes foráneos á festa).



Seguidamente, fíxose entrega do premio do Concurso de carteis “Festa do Peixe Espada”, no que participaron os alumnos de primaria de tódolos colexios da vila e que, nesta ocasión, recaeu nunha nena de nove anos do Colexio San Xosé (Carmelitas). O premio constaba dun cheque por valor de cen euros en material escolar e a entrega do mesmo fíxose a cargo dunha representante de OR.PA.GU.



Acto seguido tivo lugar a entrega do premio do I Concurso de relatos “Homes e mulleres do mar”, unha convocatoria que se estendeu ós colexios das catro provincias galegas. A gañadora foi unha cativa de A Coruña que cumpría precisamente os 12 anos nese mesmo día no que se facía a apertura da Festa do Peixe Espada. O nome do relato gañador é “Ata onde o corazón te ordene” e o premio constou dunha tablet valorada en 400 euros. Os encargados de facer a entrega do premio foron precisamente os membros do xurado que valoraron tódolos relatos, que estivo composto por Érica Esmorís (escritora e gañadora do premio Xerais de literatura infantil), Francisco Castro (coordinador de novos proxectos e editor de infantil e xuvenil da editorial Galaxia), e Sonia Mirón (escritora e mestra de Filoloxía Hispánica na UNED).



Despois da entrega dos galardóns ós membros do xurado por parte de Xoaquín Cadilla (presidente de OR.PA.GU.), tivo lugar a presentación do I Slalom Integrador por parte dun membro do club “Sen Amarras” e tamén dou comezo o máster nacional de fútbolín, que atraiu á mocidade á carpa da festa.



Logo da comida-degustación que se levou a cabo no interior da carpa para as autoridades e invitados, tivo lugar a actuación musical do grupo de música tradicional “O Fuscalho”, que está formado por sete rapaces e rapazas da vila que tocan música tradicional galega. O Fuscalho amenizou a tarde do sábado e,

durante máis de tres horas, os comensais puideron cantar e bailar ó son das gaitas e demais instrumentos tradicionais.



Tódolos invitados foráneos que se achegaron ata A Guarda para participar nas Xornadas Internacionais de Pesca y mailas misións comerciais, e que procedían de Xapón, Uruguay, Portugal e de diversas zonas de España, foron tamén partícipes desta festa gastronómica.

Xa pola noite, para amenizar o tempo das ceas, tivo lugar outra actuación musical cun tinte máis xuvenil co obxecto de atraer ós máis mozos á carpa ata ben entrada a madrugada.

Durante os dous días completos, e grazas á contratación do equipo electróxico e da megafonía interior e exterior, foi posible escoitar a música do ambiente en case toda a vila.



No domingo e última día da festa, ademais da amenización infantil e musical, tivo lugar a actuación dunha banda de música, que fixo posible que os comensais improvisasen unha pista de baile no centro da carpa que deseguida se encheu de parellas e aficionados ó baile.



Unha das actividades paralelas de maior transcendencia foi o


showcooking levado a cabo por unha das cociñeiras de maior prestixio da vila, a cal deleitou a tódolos comensais coa elaboración, en vivo, de diversas receitas a base de peixe espada.



Xa pola noitiña, tivo lugar a entrega de premios, tanto do máster nacional de fútbolín coma do I Slalom Integrador, entrega que foi a cargo do Alcalde de A Guarda e da Directora Xerente de OR.PA.GU.



E así foi como, pasada a media noite do domingo 31 de xullo, douse por rematada a XIII Festa do Peixe Espada, na que se despacharon máis das dúas mil racións previstas, axudando tamén á plena ocupación hoteleira da vila.



XORNADAS INTERNACIONAIS DE PESCA SOBRE GRANDES MIGRADORES

O alcalde de A Guarda, Antonio Lomba foi o encargado de abrir o acto, dando a bebida a todos os asistentes e recordando que o día seguinte tería lugar a apertura da XIII edición da Festa do Peixe Espada.



A inauguración das Xornadas correu o cargo da Conselleira do Mar, Rosa Quintana, a cal recordou que xa pasaran nove anos dende a segunda edición destas Xornadas Internacionais e destacou o papel da frota espadeira galega no pleno internacional, recordando algunhas medidas de xestión que se está debatindo actualmente no seno das OROPs (programa de observadores, política de aletas

aheridas, limitación de capturas para os tiburóns, etc...). O sector pesqueiro ten un papel importante neste sentido e foros como este serven para analizar totalas estas propostas de xestión da pesquería.



Mercedes Rodríguez Moreda, Directora Xerente da OP de Lugo foi a encargada de moderar a primeira mesa das Xornadas, sendo os ponentes Don Jaime Mejuto (IEO) e Don Andrés Domingo (DINARA Uruguai).




Jaime Mejuto (Instituto Español de Oceanografía).
"Situación dos stocks das especies altamente migratorias".



Jaime Mejuto levou a cabo a súa presentación baixo o título de "Situación dos stocks de grandes peláxicos oceánicos e problemáticas ante un novo paradigma de Ordeación", coa que pretendeu, por unha banda, expoñer a situación biolóxica dos diferentes stocks de interese para a frota de pavillón español e por outro, mostrar as posibles problemáticas que poden xurdir no futuro tendo en conta a novo paradigma de Ordenación e outras decisións.



Dentro dos túnidos tropicais, as especies de interese para a frota española son o Rabil (YFT), o Listado (SKJ) e o Patudo (BET). En canto aos túnidos templados, teriamos o Atún Branco (ALB) e o Atún Vermello (BFT). En canto aos Xiphoideos atopámonos co Peixe Espada (SWO), e, dentro do apartado de "outras especies" atopámonos cos Peixes de Pico (merlins) e coas Grandes Quenllas peláxico-oceánicas: Tintorera (BSH), Marraxo (SMA) e Jaquetón (OCS) (especie, esta última, cuxa captura está prohibida para a frota comunitaria).



Jaime Mejuto mostra gráficamente, na súa presentación, os desembarcos históricos da frota española, por quinquenio e océano, de cada unha das especies mencionadas anteriormente.

Segundo os datos mostrados por Jaime Mejuto, as


capturas medias do cerco e o palangre de superficie español no período de 1950 a 1970 alcanzaron as 43 mil toneladas/ano, mentres que no período de 1990 a 2010 alcanzaron as 335 mil toneladas/ano, aínda que, neste último período dirixiuse a actividade á captura das diferentes especies mencionadas, mentres que no período inicial incidíase maioritariamente sobre o Atún Branco e o Atún Vermello.

Con respecto aos datos de desembarco de quenllas (tomando como referencia o ano 2014), a frota española desembarcou 55 mil toneladas, das cales o 91% foi Tintorera (Prionace Glauca), o 9% marraxo dientuso (Isurus Oxyrinchus) e o 0,2% outras especies.



Jaime Mejuto tamén achegou datos gráficos das diferentes artes de pesca e das súas especies obxectivo e zonas

de actividade, expresando as súas capturas por toneladas, artes e áreas combinadas.



Xa entrando no tema da avaliación dos stocks, o relator presentou os diferentes modelos organizativos con respecto ás pesqueiras de túnidos (diferentes OROPs). Así mesmo, presentou gráficamente o funcionamento das OROPs a hora da toma de decisións, explicando que existe unha fase científica e unha fase políticas nas mesmas. Na fase científica, os comités científicos son os encargados de realizar a avaliación dos recursos e editar recomendacións de ordenación en base a eses datos. Na fase política entran en xogo as Comisións, que son as encargadas da Ordenación, o Cumprimento, as asignacións de TACs e cotas e, en definitiva, xestionar a pesqueira, en base as recomendacións de ordenación

que formularon os Comités Científicos.

Esta estrutura de Ordenación está a volverse cada día máis complexa, xa que, ademais dos actores principais mencionados anteriormente, entran en xogo outras partes interesadas que inflúen dalgunha maneira na toma de decisións (Ong, sociedade civil, Asociacións pesqueiras, etc...).

O factor máis “simple” ao que atenden as OROPs para determinar a sustentabilidade das especies é o RMS (Rendemento Máximo Sustentable), pero este é moi complexo de estimar porque, entre outros motivos, baséase nun enfoque probabilístico.

Así mesmo, para a avaliación dos stocks, utilízase o Diagrama de Kobe.

O relator mostra un resumo da situación dos diferentes stocks de especies altamente migratorias en cada unha das OROPs atuneras (avaliacións cuantitativas).

Os datos mostran que, dos 38 stocks avaliados cuantitativamente polas diferentes OROP, o 74% atoparíanse en subpesca ou en torno ao equilibrio e o 21% con moderada sobrepesca e xeralmente sometidos a regulacións

específicas. O modelo de Ordenación multilateral baseado en RMS permitiu manter os stocks en niveis de explotación probablemente mellores que outros stocks de competencia nacional ou supranacional.

Agora ben, o novo contexto no que nos atopamos inflúe na toma de decisións das OROP, onde os argumentos de base científica perden peso na “opinión pública” (asociacións, paneis, fundacións, media, redes sociais, grupos de influencia, consultas públicas, certificacións privadas e criterios políticos).

Andrés Domingo (Dirección Nacional de Recursos Acuáticos Uruguai). Organizacións Rexionais de Ordenación Pesqueira, modelo de xestión de ICCAT.




Andrés Domingo, como complemento a ponencia de Jaime Mejuto, expón brevemente cantas e cales son as OROPs

atuneras e céntrase, máis concretamente, no funcionamento de ICCAT como OROP atunera.



A ponencia explica as medidas de xestión e de conservación que pode/debe levar a cabo unha OROP (medidas de xestión, medidas técnicas, medidas de control, medidas comerciais).



Andrés Domingo presenta un mapa coas diferentes Organizacións Rexionais de Ordenación Pesqueira e destaca particularmente as OROPs atuneras (ICCAT, CIAT, CTOI, Western e CCSBT). Así mesmo, fai referencia ao nacemento de cada OROP e ao número de

membros que pertencen a cada unha.

Andrés enfoca o seu relatorio fundamentalmente na estrutura de ICCAT como OROP atunera e presenta dúas visións diferentes sobre o seu funcionamento e a xestión dos recursos acuáticos.

Segundo unha primeira visión (técnica):



Mostra un mapa coa área de competencia do convenio ICCAT, que abarca todo o Atlántico e menciona os obxectivos da Comisión (estudo das poboacións de atunes e de especies afíns explotadas na zona do Convenio co obxectivo de conseguir o mantemento das poboacións a niveis que permitan unha captura máxima continua, todo iso aplicando un enfoque precautorio e ecosistémico). A ponencia